

PlayGround_textil'n progress 07

de La Canalla C.B.



Lugar de residencia

MARCO - Museo de Arte Contemporánea
Vigo

Data de residencia

Xullo - agosto 2009

A finalidade deste laboratorio consiste en reflexionar e investigar sobre o téxtil como elemento creador de espazo e a súa relación co movemento. Trátase de afondar a través dunha indagación aberta na relación: suxeito / movemento / industrial / espazo.

Desde as súas orixes, o ser humano usa o tecido para protexerse do ambiente creando barreiras fronte ao clima, ocultándoo das olladas dos outros ou como signo que comunica o seu sexo, nivel social, procedencia ou idade. A roupa nivela ou diferencia, facilita ou dificulta o movemento dependendo dos materiais, acabados e estruturas escollidas para a súa confección.

Investigar arredor da potencialidade dos materiais téxtiles como elementos de construción do espazo é o obxectivo principal de *PlayGround*: abrir camiños de intercomunicación, buscar, indagar, escoitar, tocar, manipular... xogar.

Proxecto desenvolvido polo Centro Dramático Galego.

La Canalla

La Canalla nace en 1997 como unha iniciativa empresarial baseada nunha inxerencia persoal: a calidade de vida. Con diferentes traxectorias dentro e fóra da moda, a firma está composta por Francisco Soto, Amalia Collazo e Patricia Soto.

A marca arranca baixo un criterio diferenciador, *customizando* prendas fóra de catálogo. En 2001 abren a súa propia tenda e estudo de deseño en Vigo, centrando a proposta de marca en pezas únicas e traballos especializados para espectáculos, grupos musicais, teleseries, vodas, eventos socioculturais..., deixando atrás por completo a reciclaxe.

A identidade da marca levounos a formar parte do equipo docente de Esdemga, participar na edición de Arco 2003, traballar para La Fura dels Baus, presentar a súa colección 2005 na galería de arte contemporánea Adhoc de Vigo, facer o vestiario da xira do X aniversario do disco *Bon Día* de Els Pets e vestir a artistas como Uxía Senlle, Ugia Pedreira...

Ademais de desenvolveren as súas coleccións por temporadas, forman parte do equipo habitual das compañías A Factoría Teatro e Disquedanza, coa que están a traballar nun vestiario experimental para o seu espectáculo *Desmemoria-2*. Entre os últimos vestiarios que deseñaron para espectáculos teatrais figuran os de *Tabú Resorte (tabú revuelta)* de Javier Martín, *Señor Mundo, dígame?*, de Factoría Teatro, *A boa persoa de Sezuán*, do CDG, *Game Over*, de CaChuzo Teatro, *O club da calceta*, de Teatro do Morcego, *O burgués fidalgo*, de Teatro do Morcego (Premio María Casares 2008 ao mellor vestiario) ou *O regreso ao deserto*, tamén do CDG (nomeado ao Premio María Casares 2006 ao mellor vestiario).